



POPULAR

CONCELLO DE SANTIAGO  
SECRETARIA DO PLENO

Data **13 OCT. 2015**

ENTRADA

Hora..... Núm. **192**.....

*Grupo Municipal Popular  
Santiago de Compostela*

## **NOVA PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOBRE A ORGANIZACIÓN E PERFIL BÁSICO DOS ACTOS INSTITUCIONAIS**

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte Proposición.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Na orde do día do primeiro Pleno do actual mandato, celebrado no mes de setembro, así como no celebrado no pasado mes de outubro, non foron incluídas senllas proposicións deste Grupo Municipal nas que se trataba de promover de forma consensuada, entre todos os grupos con representación municipal, a coordinación, a organización e o perfil básico dos actos institucionais de maior relevancia.

As iniciativas foron excluídas da orde do día sen ningunha comunicación a este Grupo, que só tivo constancia oficial cando recibiu as correspondentes convocatorias do Pleno.

Ante a ausencia de motivación desta insólita decisión na traxectoria do Pleno municipal, solicitouse –no caso da primeira iniciativa- por conduto oficial a resolución ou o informe xurídico que servira de motivación para que, en último termo, e pola vontade do alcalde, se excluía a iniciativa da orde do día.

Como toda documentación achegóusenos un breve informe da Secretaría Xeral, emitido a petición do alcalde, indicando que “o obxecto da proposición non está incluída dentro das competencias que ten conferidas o Pleno da Corporación Local”, remitindo ao recollido no artigo 123 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, que detalla pouco máis dunha ducia de atribucións concretas, entre as que tampouco se atopan un bo número das cuestións que son obxecto doutras proposicións que se presentan e inclúen para o debate no máximo órgano da Corporación.

Ampararse nunha vulneración das competencias discrecionais do alcalde, cando o que se propón é crear un lugar para o diálogo e o consenso na organización e nos aspectos básicos dos actos institucionais que afectan á imaxe da cidade e de toda a veciñanza, resulta claramente incoherente e contrario coas manifestacións do actual Goberno de potenciar o papel do Pleno e de abrir espazos para o acordo en asuntos de transcendencia municipal.

A cuestión de fondo que motivou a presentación das nosas iniciativas, consideramos que segue a ser unha oportunidade para acadar unha axeitada orientación e coordinación na organización dos actos institucionais e na difusión dunha imaxe de cidade unida e respectuosa na súa diversidade.

A falta de coordinación é algo palpable na organización e na convocatoria dos actos institucionais do Concello, como quedou en evidencia non só no acto municipal do pasado día 26 de xullo, que se organizou en homenaxe a Isaac Díaz Pardo e a Camilo Díaz Baliño, coincidindo co acto autonómico de entrega das Medallas de Ouro de Galicia.

Tamén se constatou esta eiva, no precedente da publicación dunha declaración a cargo do Concello, declaración que non foi sometida á consideración da totalidade dos grupos municipais, con independencia da aceptación do seu texto, onde se incluía o topónimo "Galiza", filoloxicamente lexítimo, pero que non é o termo oficial do país, nin o natural para unha inmensa maioría de persoas.

Máis recentemente, o esquecemento dos grupos da oposición para tomar parte no acto de inicio do curso escolar que organizou o Concello –en contraposición coas invitacións cursadas a todos os grupos pola USC para o acto de apertura do curso universitario-, ou a ausencia da oposición nos actos do XXV aniversario da meritoria entidade Proxecto Home, poñen de relevo a necesidade e a conveniencia dun cambio nas formas de afrontar as relacións e a organización dos actos institucionais por parte do Concello.


Á vista do exposto, o Grupo Municipal Popular propón ao Pleno a adopción do seguinte

### ACORDO

*O Pleno Municipal insta ao correspondente órgano de Goberno a que:*

- 1. Á hora de organizar os actos institucionais de maior relevancia, se teña en consideración á Xunta de Portavoces a fin de consensuar a súa organización e perfil básicos.*
- 2. Se procure acadar a maior coordinación posible cos actos que organice a Xunta de Galicia e as demais institucións públicas con presenza na cidade.*
- 3. Nas comunicacións e escritos municipais se utilice a forma oficial "Galicia" para se referir á nosa Comunidade Autónoma.*

Santiago de Compostela, a 13 de outubro de 2015.



Asdo.: Agustín Hernández  
Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular

